DOCUMENTACIÓN ENTREGADA:
- Ficha totalmente cuberta.
- Fotocopia DNI do pai/nai/titor/a.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a.
- Xustificante de pago do/s conciliaverán/s.
- Volante de empadroamento actual.
- Fotocopia do documento que acredite ser socio/a de ANPA federada na FANPA.
- Fotocopia do documento que acredite ser familia monoparental.
- Documento que acredite onde estuda o neno/a.
- Vida laboral ou fotocopia da cabeceira da última nómina.

OBSERVACIÓNS DE CADA NENO/A (necesidades especiais, enfermidades, alerxias, etc.):
.....
.....
No caso de ter algún tipo de dieta é obrigatorio incluír o informe médico.

AUTORIZO:
- Á PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES: [ ] SI [ ] NON
Estou informado/a e acepto as normas de funcionamento e as actividades que se realizan nos conciliaverán, así como as saídas fóra do centro.

- Á TOMA DE IMAXE E REXISTRO DE SON: [ ] SI [ ] NON
Coa posible aparición do meu fillo/a para a difusión da actividade no web da FANPA.

- QUE O/A MENOR REGRESE SÓ/A AO DOMICILIO: [ ] SI [ ] NON

- PARA RECOLLER O/A MENOR:
Nome e apelidos ..... DNI.....
Nome e apelidos ..... DNI.....
Nome e apelidos ..... DNI.....
.
Pontevedra, ... de ..... de 2021.

(Sinatura)

Consonte a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán incorporados nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade de FANPA, CIF: G-36020311, para a xestión e tramitación da inscrición do seu fillo/a nesta actividade, para o efecto, a FANPA cederá os seus datos á empresa que contrate para executar a actividade e que só poderá empregar para ese fin.
Pode exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante un escrito ao enderezo: Xan Guillermo núm. 9, 36002 Pontevedra.
Mentres non nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos e os do seu fillo/a non foron modificados, e que se compromete a comunicarnos calquera variación, así mesmo, que temos o cosentimento para utilizalos coa finalidade de impartir a actividade na que inscribiu o seu fillo/a e cumprir coas obrigas propias.

FORMALIZACIÓN DA PRAZA

- **9 DE XUÑO**: publicación provisional de admitidos/as na web da FANPA (www.nontedurmas.org) e servizos complementarios provisionais de cada conciliaverán no web da FANPA.
- **10 e 11 DE XUÑO**: reclamacións de 9:00 a 14:00 horas.
- **14 DE XUÑO**: publicación definitiva de admitidos/as e dos servizos complementarios no web.
- **Ingreso do pago do/s conciliaverán/s** no número de conta: ES75 2080 5403 4130 4012 0558 (ABANCA), concepto "Nome e apelidos do neno/a" e "conciliaverán e quenda/s na que está inscrito/a".
- **Os servizos complementarios (comedor e/ou madruga)** están pendentes de saber se se farán e tramitaranse directamente coa empresa, no número de teléfono 607634413 (de 9 - 14 horas).

CONCELLO DE PONTEVEDRA

FANPA

Rúa Xan Guillermo, 9 - Pontevedra
ludotecas@nontedurmas.org

Tel. info: 986 843412

www.nontedurmas.org

CONCILIAVERÁN 2021

CONCELLO DE PONTEVEDRA

FANPA

CONCILIAVERÁN 2021

É un programa de conciliación familiar que se desenvolve en época estival, organizado pola Federación Provincial de ANPA de Centros Públicos de Pontevedra (FANPA), en colaboración coa Concellería de Educación do Concello de Pontevedra, destinado a nenos e nenas de 3 a 12 anos.

DATAS DE REALIZACIÓN:

- **Conciliaverán especial xuño:** do 23 ao 30 de xuño de 2021.
- **Conciliaverán especial setembro:** do 1 ao 11 de setembro de 2021.
- **Conciliaverán quincenais:** xullo e agosto de 2021, divididos en 4 quendas quincenais, excepto Álvarez Limeses, Crespo Rivas e Xunqueira II que son só en xullo.
- **Conciliaverán mesuais:** xullo e agosto de 2021, divididos en 2 quendas mensuais, menos Xeve e A Carballeira que son só en xullo.

LUGARES DE REALIZACIÓN:

- **Conciliaverán especial xuño e setembro (*En lingua galega):*** Campolongo.
- **Conciliaverán quincenais (*5 en lingua galega, 1 en lingua inglesa e 1 deportiva*):** Marcos da Portela, Crespo Rivas (***só infantil***), Campolongo, Vilaverde, Álvarez Limeses, Manuel Vidal Portela (***inglés***) e Xunqueira II (só ***primaria, deportiva***).
- **Conciliaverán mensuais (*5 en lingua galega*):** Cabanas, Ponte Sampaio, A Carballeira, Xeve e Parada-Campañó.

Estes programas de conciliaverán ***faranse sempre e cando a normativa de sanidade o permita debido á excepcionalidade da presente situación do COVID-19 e tamén cando exista un número mínimo de asistentes.*** En caso de non poder realizarse pola presente situación ou non cubrirse o mínimo, a FANPA pode eliminar algunha quenda ou conciliaverán completo. Só en caso de cancelación por non acadar o número mínimo, a FANPA dará alternativa noutro conciliaverán ou devolverá a cota na oficina da FANPA.

HORARIO:

- De luns a venres (excepto festivos) de 9:00 h a 14:00 h.
- Horario ampliado de 8:30 a 14:30.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (*Só naqueles centros nos que se oferte. Ver táboa*):

- **Servizo Madruga:** de 7:30 a 9:00 horas (con ou sen almorzo).
- **Servizo Comedor:** de 14:00 a 16:00 horas.
- **Servizo esporádico de Madruga e/ou Comedor:** chamando o día anterior á empresa.

*Estes servizos están pendentes de poder ofertarse debido á presente situación e, en caso de poder realizarse, faranse ***sempre e cando exista en cada quenda e conciliaverán un número mínimo de comensais*** establecidos pola empresa e seguindo a normativa de seguridade establecida pola empresa. En caso de non cubrirse, os servizos serán eliminados.

PREZOS CONCILIAVERÁN (por neno/a e quenda):

- **Socios/as de ANPA do concello de Pontevedra federada na FANPA:** conciliaverán especial xuño e setembro e conciliaverán quincenal: 50€/quincena e conciliaverán mensual: 65€/mes.
- **Non socios/as de ANPA do concello de Pontevedra federada na FANPA:** conciliaverán especial xuño e setembro e conciliaverán quincenal: 63€/quincena e conciliaverán mensual: 78€/mes.
- **Privados, concertados e demais casos:** conciliaverán especial xuño e setembro e quincenal: 73€/-quincena e 90€/mes nos conciliaverán mensuais.
- **As familias con 2 ou máis fillos/as matriculados nos conciliaveráns** terán un desconto de 5€ por neno/a.

PREZOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS * (por neno/a):

*Estes servizos están pendentes de poder ofertarse debido á presente situación e, en caso de ofertarse, enviaranse os prezos correspondentes e as normas que se establecerán neles en caso de acudir aos mesmos.

*OS **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS** tramitaranse directamente coa empresa, no número de teléfono ***607634413***, en horario de mañá (9 - 14 horas).

NOTA IMPORTANTE:

* A matrícula conleva a **ACEPTACIÓN DO COÑECEMENTO INFORMADO** dispoñible na páxina web **www.nontedurmas.org/consentimiento** e na sede da FANPA.

* O **PAGO DO CONCILIAVERÁN** farase no mesmo momento da inscrición. As persoas que non fagan o pago telematicamente (a través da pasarela de pago) deberán presentar a copia do xustificante de pago no momento da inscrición. Deberán facer o ingreso no número de conta de ABANCA: ES75 2080 5403 4130 4012 0558, poñendo como concepto "Nome e apelidos do neno/a" e "conciliaverán e quenda/s na/s que está inscrito/a".

* ***Non se contempla a devolución do pago da matrícula, salvo que o programa de Conciliaverán non poda facerse dada a actual situación ou se elimine algún por non acadar o número mínimo de asistencia.*** En ambos casos a FANPA devolverá o importe íntegro da cota.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- **Presencial:** no local da FANPA (Xan Guillermo, 9 - Pontevedra): do 31 de maio ao 4 de xuño de 9:00 a 14:00 horas. Poranse ordenadores e persoal a disposición para poder realizar a inscrición.
- **Vía telemática:** desde as 9:00 horas do 31 de maio ata ás 14:00 horas do 4 de xuño.

Non se admitirán solicitudes por correo electrónico nin fóra dese tramo horario.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

No caso de que a demanda sexa superior ás prazas existentes farase unha baremación cos seguintes criterios:

Situación escolar:
- Colexio público do concello de Pontevedra (12 puntos).
- Socio/a de ANPA do concello de Pontevedra federada na FANPA (10 puntos).

Situación socio-familiar:
- Alumnos/as empadroados no concello de Pontevedra (6 puntos).
- Dous ou máis fillos/as matriculados na mesma ludoteca e quenda (2 puntos).

Situación laboral:
- Familia con dous proxenitores en situación laboral activa (20 puntos).
- Familia onde só un proxenitor estea en situación laboral activa (10 puntos).
- Familia monoporental en situación laboral activa (20 puntos).

En caso de empate de puntuación, adxudicarase a praza primeiro por socio/a de ANPA do concello de Pontevedra federada na FANPA, despois por centro público e por último, por orde de inscrición.

O 10% das prazas están reservadas a Servizos Sociais do Concello.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ENTREGAR (entregarase toda xunta):

- Ficha totalmente cuberta.
- Fotocopia DNI do pai/nai/titor/a.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a.
- Volante de empadroamento actual.
- Xustificante de pago de conciliaverán/s (non necesario no pago telemático).
- Fotocopia do documento que acredite ser socio/a de ANPA federada na FANPA.
- Fotocopia do documento que acredite ser familia monoparental.
- Documento que acredite onde estuda o neno/a (non necesario para socios/as).
- Vida laboral ou fotocopia da cabeceira da última nómina.

Non se admitirá ningunha matrícula que non teña a documentación completa. Non se aceptará documentación despois de estar feita a matrícula.

FORMALIZACIÓN DA PRAZA:

- **9 de xuño:** publicación provisional de admitidos nos programas de conciliaverán e provisional dos servizos complementarios de cada conciliaverán no web da FANPA (www.nontedurmas.org).
- **10 e 11 de xuño:** reclamacións, de 9:00 a 14:00 horas.
- **14 de xuño:** publicación definitiva de admitidos/as e de servizos complementarios no web.

FOLLA DE INSCRICIÓN CONCILIAVERÁN 2021

SOLICITANTE: (pai, nai, titor/a):
Apelidos/nome..... DNI.....
Tel. contacto..... Correo electrónico.....
SOCIO/A ANPA: [ ] SI [ ] NON

SOLICITO PRAZA PARA:
Apelidos/nome..... Data de nacemento.....

NO SEGUINTE CENTRO (indicar dous por orde de preferencia: 1º, 2º):

Conciliaverán especial setembro:

Campolongo	☐ XUÑO	☐ SETEMBRO
- Servizo Madruga	☐ con almorzo	☐ con almorzo
	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo
- Servizo Comedor	☐	☐

Conciliaverán quincenais:

Campolongo	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO	☐ 1ª AGOSTO	☐ 2ª AGOSTO
- Servizo Madruga	☐ con almorzo	☐ con almorzo	☐ con almorzo	☐ con almorzo
	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo
- Servizo Comedor	☐	☐	☐	☐
M. Vidal Portela ***(inglés)***	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO	☐ 1ª AGOSTO	☐ 2ª AGOSTO
- Servizo Madruga	☐ con almorzo	☐ con almorzo	☐ con almorzo	☐ con almorzo
	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo
- Servizo Comedor	☐	☐	☐	☐
Crespo Rivas ***(infantil)***	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO		
- Servizo Madruga	☐ con almorzo	☐ con almorzo		
	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo		
- Servizo Comedor	☐	☐		
Marcos da Portela	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO	☐ 1ª AGOSTO	☐ 2ª AGOSTO
Vilaverde	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO	☐ 1ª AGOSTO	☐ 2ª AGOSTO
Álvarez Limeses	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO		
- Servizo Madruga	☐ con almorzo	☐ con almorzo		
	☐ sen almorzo	☐ sen almorzo		
- Servizo Comedor	☐	☐		
Xunqueira II ***(deportiva)***	☐ 1ª XULLO	☐ 2ª XULLO		

Conciliaverán mensuais:

A Carballeira	☐ XULLO	
Xeve	☐ XULLO	
Ponte Sampaio	☐ XULLO	☐ AGOSTO
Cabanas	☐ XULLO	☐ AGOSTO
Parada - Campañó	☐ XULLO	☐ AGOSTO

HORARIO AMPLIADO: [ ] SI [ ] NON